



**Ourense, 30 xullo de 2012.-** Esta imaxe, recollida por membros de ADEGA-Ourense, é graficamente explicativa da vertedura de milleiros de botellas e garrafas dunha coñecida marca de augas minerais nas beiras do río Támega, (ES 113005-Lugar de Interés Río Támega), concretamente nas veigas do concello de Oímbra, na comarca ourensá de Monterrei. Esta vertedura é moi ilustrativa da falta de educación ambiental que practican moitos responsábeis de empresas, pois o que eles desbotan como residuos (as botellas), teñen obriga de trasladalas a unha planta de reciclaxe de vidro co que poderían ter un novo uso evitando este impresionante atentado a un espazo da Rede Natura 2000 e a un espazo de ribeira.